

A arte floral inspirará a  
Praza de Bugallal de  
Ponteareas

Páxina 5

Proxecto do novo  
parque central de  
A Cañiza

Páxina 9

A oposición volve deixar  
as empresas proveedoras  
do Concello de Salceda  
sen cobrar

Páxina 13

Adxudicado o  
anteproxecto do  
aparcamento da Área  
Panorámica en Tui

Páxina 15

A Guarda urxe a  
reparación do litoral

Páxina 17



## O Porriño aprobou os orzamentos prorrogados dende o ano 2012

Páxina 11

CONFITERIA

# Regino

Nova gama de productos selectos:  
Rocas de chocolate, Tarta de té,  
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís  
a partir de 2 kgs.

Especialidade en  
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

## CONDADO / PARADANTA

SALVATERRA

## Salvaterra presenta un Plan de Igualdade de Oportunidades no acto do Día da Muller

As 12.00h do día 8 de marzo de 2018, Día Internacional da Muller Traballadora celebrouse na Praza do Concello unha concentración para reivindicar o papel que xogan as mulleres na sociedade, pero tamén para visibilizar a situación que viven e o que queda por andar, reivindicando a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencia.

“As mulleres somos o motor da nosa vida, da nosa casa, da nosa familia, do noso traballo, do noso Concello, da sociedade en xeral pero moitas veces fomos relegadas a un

segundo plano, nos somos as que temos que escoller e moitas veces renunciar, pero hoxe estamos aquí para lanzar un grito e unha mensaxe, queremos que se respeten os nosos dereitos, o dereito a ter unha familia e a traballar, a poder ter un posto de responsabilidade e a cobrar o mesmo que o meu compañeiro pero sobre todo o dereito a igualdade, unha igualdade real entre homes e mulleres, entre mulleres e homes.” dixo a 1ª Tte de Alcalde e Concelleira de Igualdade, quen aproveitou dito acto para facer a presentación do II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre

mulleres e homes que será o documento que guiará as iniciativas e actividades deste Concello do 2018 ao 2022.

Este II PIOM marcará as liñas de traballo, que se focalizan sobre todo en iniciativas educativas entre os máis cativos e na conciliación da vida familiar e laboral, ademais de seguir apostando polo traballo en igualdade dende a administración pública, do que este Concello é unha mostra clara, onde unha ampla maioría do persoal son mulleres. Coa elaboración deste Plan buscase favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no eido



local, cun abano de actuacións a realizar nos vindeiros anos, un documento técnico que inclúe as diferentes áreas de intervención como a promoción da Igualdade dende o Concello, a coeducación, formación e emprego, conciliación, corresponsabilidade e asociacionismo e prevención e eliminación da violencia de xénero.

Estas liñas de traballo conlevan a realización práctica

dunha serie de actividades, algunhas de nova creación e outras que xa se levan desenvolvendo dende hai anos no noso Concello, como o Concurso de Eslogans contra a violencia machista en conmemoración do 25 de novembro e que está dirixido ao alumnado da ESO, as diferentes actividades educativas dirixidas aos cativos e cativas do municipio ou os campamentos de conciliación.

**Sesión veremú música en directo**

**SONS DA RAIA**

**Domingo 25 de marzo as 13:30**

**Horario: 12:30 a 17:30**

**Pechamos de noite**

**Taska Tenda**

**r/ Marqués de Viana, 8 Salvaterra de Miño 986 658 736**

**CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO**

Plaza da Constitución, 171  
48150 - Salvaterra de Miño  
PONTAVAL, PORTUGAL

Teléfono: 986 65 81 35 - 986 65 80 02  
Fax: 986 65 81 35 - 986 65 80 02  
E-mail: [informacion@salvaterra.org](mailto:informacion@salvaterra.org)  
[www.concello-salvaterra.org](http://www.concello-salvaterra.org)

**galicia**

# AVISO

**UNIDADE DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE AGRICOLAS 2018**

Unha Unidade Móvil da Inspección Técnica de Agrícolas desprazarase a este Concello, durante os días que abaixo se indican, co obxecto de facilitar o paso da Inspección Técnica aos Vehículos Agrícolas, no **Campo de Fútbol de Dextros**.

| DATA               | HORARIO                                |
|--------------------|----------------------------------------|
| <b>5 de abril</b>  | De 09.00 a 13.30h<br>De 15.15 a 18.00h |
| <b>6 de abril</b>  | De 09.00 a 13.30h                      |
| <b>9 de abril</b>  | De 09.00 a 13.30h<br>De 15.15 a 18.00h |
| <b>10 de abril</b> | De 09.00 a 13.30h                      |

**Solicitude de Cita Previa:**  
Por teléfono: 902 30 90 00  
A través da páxina web: [www.sycityv.com](http://www.sycityv.com) - Cita Previa.

Salvaterra de Miño, 5 de marzo de 2018

**ALCALDE**

## Programa de conciliación familiar en Semana Santa



Presentouse no Concello o Programa de Conciliación Familiar para as vacacións de Semana Santa. Un programa que se enmarca dentro das liñas a desenvolver dentro do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2018-2022, e que foi presentado pola 1ª Tte de Alcalde Marta Valcárcel Gómez o Día Internacional da Muller Traballadora.

Un Plan que busca favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade de

oportunidades entre mulleres e homes, con diferentes actuacións, neste caso no eido da conciliación. Así nesta Semana Santa o Concello de Salvaterra de Miño ofrece un Campamento Infantil os días 26, 27 e 28 de marzo e o 2 de abril para nenos e nenas a partires de 4 anos, cun horario de 9.00 a 14.00h, totalmente gratuíto e con prazas limitadas, para empadroados, que se impartirá na Casa de Cultura e cuxo prazo de inscrición ábrese o 15 de marzo.



## Novos cursos/obradoiros de natureza

Despois do éxito rotundo que tiveron os diferentes cursos/obradoiros de natureza impartidos polo Concello o Departamento de Medio Ambiente presenta unha nova liña de actividades a realizar durante os meses de marzo, abril e maio.

Ábrese cun obradoiro sobre “Hortas verticais”, onde os participantes crearán a partir de botellas de plástico o seu propio horto vertical, e continúa co obradoiro “Máis que plantas II”. Nesta segunda edición abordárase diferentes

temas relacionados coa horta e xardín, dende compostaxe e vermikompostaxe, biocidas e fertilizantes naturais, ata plantas acompañantes. Tamén organizan unha charla sobre a compostaxe doméstica, en que consiste?, como funciona?, que residuos son aptos para compostar?, como facelo?.

Organizan tamén encontros no orquidario os segundos e últimos domingos de abril e maio e un roteiro onde ademais de camiñar, recollerase o lixo que vaia aparecendo no percorrido, falando dalgún dos aspectos naturais do entorno.

*Para os amigos da natureza...*

**Obradoiro. Hortas verticais.**  
Neste obradoiro construímos un horto vertical a partir de botellas de plástico. O curso terá lugar do 26 de marzo ao 28 de marzo, de 9.00h a 14.00h.  
Lugar: Casa de Cultura de Salvaterra.

**Obradoiro. Máis que plantas II.**  
Nesta segunda edición do Obradoiro II-Más que plantas II, abordaremos diferentes temas relacionados coa horta e xardín, dende compostaxe e vermikompostaxe, biocidas e fertilizantes naturais, ata plantas acompañantes.  
Data: Todos os xoves de 5 de abril ao 31 de maio, de 10.30h a 12.00h.  
Lugar: Aula Parque A Coruña.

**Charla. Compostaxe doméstica: desfaite de residuos e obtén beneficios.**  
En que consiste a compostaxe? Como funciona? Que residuos son aptos para compostar? Como facelo? Nesta charla daremos resposta a todas estas preguntas, dende a teoría ata a práctica, coa elaboración de compostaxe e a elaboración de biofertilizantes e biopesticidas.  
Data: Venres, 11 de abril de 19.30h a 20.30h. Inscripción a través do correo electrónico: info@salvaterra.es.  
Lugar: Aula Parque A Coruña.

**Encontros. “De abril a maio, tes cita co orquidario”.**  
Apertura da porta de acceso do Orquidario de A Coruña os seguintes domingos: 4 e 25 de abril e 3 e 24 de maio, de 10.30h a 12.30h e de 17.00h a 19.00h.

**Andaina. Quem dixu andar por andar?**  
Neste encontro os participantes aprenderán a andar por andaina, recoñecendo o medio natural e os valores culturais do entorno.  
Data: Sábado, 5 de maio de 10.30h a 12.30h.  
Lugar de saída: Monumento da Imprensa.

Insícribiros aos obradoiros e andaina nos teléfonos: 986 65 41 26-986 65 80 82.  
Para acudir ás charlas e para andar o orquidario (nos seus días de apertura) non é necesario inscribirse.



## CONDADO / PARADANTA

## PONTEAREAS

## Represas logra o compromiso da Confederación Hidrográfica para as obras da depuradora e un novo colector por 4,5 millóns de euros

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, ven de informar do compromiso acadado coa Confederación Hidrográfica para rematar co grave problema dos vertidos ao Tea pola insuficiencia da depuradora, cun investimento previsto de 4.500.000 de euros. O primeiro paso que confirma oficialmente este compromiso e a licitación para a redacción dos proxectos de mellora de saneamento no casco urbano e da EDAR da Moscadeira, proxecto cofinanciado, como mínimo nun 60%, polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil publicou no Boletín Oficial do Estado o anuncio de licitación do contrato de servizos de "Enxeñerías para o estudo de alternativas e a redacción de sendos proxectos para a mellora do saneamento do casco urbano e aglomeracións limítrofes de Ponteareas e da EDAR de A Moscadeira"

O orzamento de licitación para a redacción dos proxectos ascende a 100.974,56, importe total con IVA, e trala axudicación do encargo do proxecto, que sucederá no mes de maio en base aos prazos de apertura de sobres das ofertas, o adxudicatario disporá de sete meses para presentar os proxectos, polo que con toda probabilidade a final de ano contarase cos proxectos



para posteriormente licitar as obras.

O alcalde tamén explicou que a EDAR situada na Moscadeira dispón dunhas instalacións que dende hai décadas resultan insuficientes para tratar o caudal que recibe, "no seu día non foi dimensionada para as necesidades reais de Ponteareas e as parroquias que podían conectarse á mesma. Para superar esta limitación da capacidade o estudo contempla propor alternativas e redactar os proxectos para a mellora do saneamento no casco urbano e aglomeracións limítrofes de Ponteareas e da depuradora.

Realizarase unha análise da situación da rede de saneamento e de caudais de augas claras no núcleo urbano. Tamén fixará a súa atención nas filtracións que non

deben ir á actual depuradora e teñen que ser encauzadas ao río Tea.

Este estudo permitirá dispor dunha completa información da rede de saneamento urbano da que se carece con planos xeoreferenciados nos que se indiquen arquetas, trazados, cotas, pendentes, materiais, conexión entre os diversos elementos tanto pluviais como fecais ou mixtas. O estudo planteará solucións a corto prazo para a separación de augas que non deben ir ao saneamento

A depuradora existente foi construída no ano 1989 e no 2010 realizouse unha actuación menor de mellora do pretratamento pero xa nese momento a instalación recibía un caudal moi superior ao que podía tratar.

## Seguridade Cidadá solicita un novo camión de bombeiros

A concelleira de Seguridade Cidadá, Vanesa Rodríguez, e o xefe de bombeiros reuníronse co Xefe de emerxencias da Xunta, Luis Menor, para trasladarlle a necesidade dun novo vehículo de maior potencia e capacidade

Vanesa Fernández informoulle que o concello de Ponteareas só dispón dun camión, cedido polo concello de Vigo, con 2.000 litros de capacidade, e o Cometa que xa non se usa, agás en casos de moita urxencia.

"Para atender aos dez concellos da Comarca, dixo a Concelleira, precisamos un camión de maiores prestacións. Camión que xa está orzamen-

tado pero ten un custo (300.000€) que o concello non pode asumir en solitario, precisando a colaboración das demais Administracións".

Segundo a Concelleira, o director xeral reconece a situación e solicita que tamén colabore a Deputación de Pontevedra.

Así mesmo, a concelleira trasladoulle a preocupación polo tratamento dos niños da vespa velutina, porque desborda a capacidade dos concellos. Solicitou a posta en marcha de cursos fisosanitarios para os profesionais do servizo de bombeiros. Cursos para os que ofreceu o Centro de desenvolvemento Local para todo o Sur da provincia.



**o remendón**  
**CERRAJERO**

24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL Duplinox

Rosalía de castro, 61  
Salvaterra de Miño

637 764 865  
www.cerrajeroremendon.com

**o noso Eido**

taberna

Especialidades en: Angulas e Lampreas, Peixes do Río, Chocón a Prancha, Bacalao e Kikos a la brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968  
Telf. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

**PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ**

Rúa Arxentina, 11 - Salceda de Caselas  
☎ 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño  
☎ 986 658 529

Móvil 645 316 524  
pinturasfernandomiguez@hotmail.com

## PONTEAREAS

## A arte floral inspira ao estudio gañador do concurso de renovación da Praza de Bugallal

O estudio de arquitectura Abalo Alonso Arquitectos gaña o concurso para realizar o proxecto de renovación da Praza de Bugallal. Cunha proposta que volve ás orixes da praza e que atopou a súa inspiración na simboloxía das alfombras florais, os arquitectos Elisabeth Abalo e Gonzalo Alonso serán os encargados de realizar o deseño da renovación desta céntrica praza.

“O primeiro que fixemos foi afondar nas orixes rescatando fotos antigas e analizando a importancia da arte floral e das alfombras. Iso foi a nosa inspiración, acadar algo en sintonía coa forma e os significados dos pétalos das flores”, Elisabeth Abalo.

Segundo explican, buscarán un espazo máis flexible e amable de liñas suaves que permita a circulación pero priorizando a seguridade e o movemento dos peóns.

Os arquitectos Abalo/Alonso consideran que o deseño actual facilita o funcionamento da praza case como o dunha rotonda de tráfico co coche como protagonista e propoñen unha serie de actuacións encamiñadas a reducir o impacto do vehículo sobre o peón.

Tendo en conta as conclusións do estudo de mobilidade municipal, haberá máis vexe-



tación que contribuirá a reducir o impacto acústico da circulación e xerará un entorno máis saudable favorecendo a relación co medio ambiente.

A praza será dos peóns e reducirase a velocidade do tráfico para garantir a seguridade, o entorno da praza e da igrexa de San Miguel terá carácter preferentemente peonil pero non estará pechada ao tráfico.

As áreas de estancias levaráanse aos bordos da praza con bancos e grandes xardiñas con formas de pétalos que teñan sempre presente as alfombras florais deixando no centro un grande espazo libre no que se poida seguir desenvolvendo as actividades lúdico-culturais e comerciantes existentes.

O pavimento será de formigón lavado unificándose co pavimento de pedra existente e facilitando os encontros coas rúas adxacentes. O deseño elixido facilita a resolución de accesibilidade en todo o ámbito

xa que non depende de peldaños nin desniveis nas diferentes zonas.

Árbores e xardiñas nos laterais da praza e nas rúas do entorno configurarán un espazo verde e un roteiro polo que pasear baixo especies de folia caduca, reservando as árbores de folia perenne para as zonas de bancos.

Iluminación en altura e rasante completan este proxecto que propoñen executar en dúas fases, unha primeira coa praza e as seguintes xuntas ou por separado afectaría ás zonas aledañas

Con máis de vinte anos de experiencia, o estudio de arquitectura Abalo Alonso foi o responsable de distintos proxectos en espazos públicos como as hortas de Caramoniña en Santiago de Compostela no 2015, a reurbanización da praza de San Clemente no 2011 ou Ribadeo Accesible. Tamén recibiron premios como o Premio europeo

de intervención no patrimonio histórico, categoría espazo público, otorgado por Aadipa, Barcelona 2017 ou o primeiro premio Espacios Públicos Sostenibles, coa participación, entre outros organismos, do Consello Superior de Arquitectos, Madrid 2016, o Premio XIII Bienal Española de Arquitectura y Urbanismo, Granada 2016.

A idea presentada será o borrador de inicio co que se comezará a traballar en conxunto cos colectivos sociais e representantes dos grupos da Corporación introducindo as modificacións precisas para que a obra realizada se axeite ao 100% ás necesidades e usos deste emprazamento que marcará a liña estética a seguir no futuro de Ponteareas.

Cun orzamento de máis de 600.000€ (proxecto de obra, dirección de obra e execución) a mellora da Praza Bugallal realízase con cargo aos Fondos FEDER da Unión Europea enmarcada na estratexia “Ponteareas, Hábitat Saudable”.

O goberno de Ponteareas agradece aos cinco estudos participantes o seu traballo e a súa resposta aportando proxectos de calidade para un espazo que conforma o eixo central do núcleo urbano.

O estudio SCP, Cendón Vázquez Arquitectos, quedou en segundo lugar.

## Billar Sportivo estará no Torneo Internacional Ardennen Cup

Os xogadores do Club Escola de Billar Sportivo de Ponteareas, José Ángel Nogueira e Jorge Abadín, gañaron esta fin de semana a súa praza directa para participar no Torneo Internacional Ardennen Cup 2018 tras xogar a final galega de billar (A.G.P.).

Esta tempada o Club Escola de Billar Sportivo está participando nos mellores eventos de Galicia, de España e de fóra das nosas fronteiras. O Club quere agradecer aos patrocinadores o seu apoio que permite ampliar horizontes, o Centro Artístico Sportivo, o concello de Ponteareas, a Deputación de Pontevedra e todos aqueles que fan posible que os xogadores amosen as súas destrezas.



**BODEGUILLA PULPERIA**  
**TAPERIA**  
**BERCEO**

Rosalía de Castro, 6  
PONTEAREAS  
Teléf. 986 660 826

**ASER GALICIA**  
CENTRO DE NEGOCIOS  
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292  
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño  
asesoria@asergalicia.com 986 640 015  
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

**AGROITIS**

Análises de Viño - Asesoramento Técnico  
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

**986 642 507**  
Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo  
Ctra. de Salvaterra Ponteareas

## CONDADO / PARADANTA

## PONTEAREAS

## Represas solicita unha reunión co Presidente da Xunta para apoiar o crecemento e futuro dos ponteareáns

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas solicitou por carta unha entrevista co presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, co obxectivo de concretar o apoio e colaboración da Xunta de Galicia en proxectos que son vitais para Ponteareas. Represas citou algúns dos proxectos nos que é necesasrio concretar a colaboración entre as dúas administracións; a ampliación de capacidade da EDAR da Moscadeira, levar a rede municipal de auga ás máis de dúascentas vivendas que carecen deste serizo básico, a realización do proxecto de circunvalación, a mellora da

PO-403 ou o traspaso da residencia de maiores.

A ampliación de capacidade da depuradora e a construción dun novo colector é un dos temas de actualidade polo recente compromiso da Confederación Hidrográfica de financiar nun 60%, con cargo aos fondos 2020 da Unión Europea. O investimento total desta obra está estimado en 4.500.000 euros dos que 1.800.000 teñen que ser financiados polo Concello e a Xunta de Galicia para o que é preciso asinar un convenio de colaboración entre as tres administracións.

“Despois do compromiso da Confederación agardamos con-

cretar a colaboración da Xunta para porlle data de caducidade a un problema xa crónico de Ponteareas, os vertidos ao Tea pola insuficiencia da depuradora. Nós poremos a nosa parte pero é imprescindible o apoio da Xunta de Galicia” manifestou o Alcalde.

Outra das cuestións que Represas agarda tratar con Feijoo é o Plan Xeral de Ordenación que limita o crecemento da cidade e para o que xa houbo un consenso da Corporación de solicitar que permitan contar coa aprobación do plan no menor prazo posible aínda que sexa de forma parcial xa que daría seguridade xurídica a moitas empresas.

Ponteareas lémbrale ao Presidente da Xunta que nestes anos tamén se asumíu o custe de servizos improprios (Residencia de Maiores, Escola Infantil, Bombeiros, Estación de autobuses ou o Conservatorio), que noutros Concellos son xestionados pola Xunta de Galicia, servizos dos que asumen anualmente o seu déficit impedindo destinar eses recursos propios para investimentos en servizos que si son de competencia municipal e temos obriga de prestar, polo que é urxente resolver o traspaso á administración autonómica.



Outro dos temas urxentes é o proxecto da circunvalación ou variante de Ponteareas, comprometido pola Xunta de Galicia en 2015 para conectar o núcleo urbano e a N-120 coa autovía A-52, así como mellorar a seguridade viaria na PO-403.

## Esquerda Unida acusa ao goberno de facer política privatizadora

Esquerda Unida considera lamentable a actitude da Xunta de Goberno de Ponteareas, conformada por BNG, PSOE e ARDT con respecto á prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

O tripartito de Ponteareas aprobou, grazas ao voto de calidade do alcalde e co voto en contra de EU-son, un novo expediente de contratación do SAF. Este novo contrato, cun custe de preto de dous millóns e medio de euros, terá unha duración de tres anos, e será prorrogable por un ano máis.

Isto imposibilitará durante polo menos tres anos a posibilidade de xestionar o servizo dende o propio concello. Deste xeito, a actual Xunta de Goberno de Ponteareas non soamente non fixo nada para acadar a remunicipalización do servizo, se non que foi máis alá do anterior contrato formalizado polo PP que era re-

novable anualmente.

Por outra banda, Lino Costas, concelleiro de EU-son, denunciou que o anterior contrato, formalizado no ano 2013 foi prorrogado directamente en Xunta de Goberno tanto polo PP como pola actual Xunta de Goberno, feito que constituíu unha irregularidade xa que a competencia con respecto ao contrato era do Pleno. A maiores disto, Esquerda Unida lembra que a inoperancia do concelleiro de servizos sociais ante a finalización do contrato da actual empresa xestora do servizo, que rematou en setembro de 2017, posibilitou a chantaxe da empresa CLECE ao concello reclamando unha suba do prezo do contrato. Este aumento do prezo foi tamén formalizado irregularmente pola actual Xunta de Goberno que non era competente para tal modificación.

EU entende que a reinternalización de servizos sería

unha prioridade para calquera formación que se diga de esquerdas, polas posibilidades de mellora do servizo, minoración de custes e mellora das condicións laborais das traballadoras que o prestan, e por que supón extraer a prestación de servizos da lóxica de obtención de plusvalía e da explotación laboral.

Esquerda Unida é consciente das dificultades dos procesos de reinternalización de servizos debido á lexislación privatizadora do goberno do PP, máis o certo é que existen maneiras de acadar a remunicipalización dos servizos, tal e como están a facer noutros concellos de todo o estado. Isto implicaría pedir informes ao respecto e estudar todas as posibilidades. Pola contra, a actual xunta de goberno non fixo nada nese sentido, deixando así en evidencia que en pouco ou nada se diferencia a súa política da do Partido Popular.

## O PSdeG-PSOE de Ponteareas lamenta que o PP ignore as demandas dos veciños de Moreira e Angoares

Os socialistas de Ponteareas amosan a súa indignación e denuncian o desinterese e a insensibilidade total do Partido Popular polas demandas e necesidades dos veciños de Angoares e Moreira. “O PP está máis preocupado por satisfacer a Núñez Feijóo que por arranxar aos veciños de Ponteareas” sinala Chus Garrote.

O Partido Popular vén de absterse na votación do pleno extraordinario onde se trataron as alegacións propostas polos veciños de Angoares e Moreira ao proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada PO-403 que ten presentado a Xunta de Galicia, o que para o PSdeG-PSOE de Ponteareas é unha mostra de deslealdade cara os veciños.

Recordar que estas alegacións e propostas son froito das diversas xuntanzas mantidas polo goberno cos co-



lectivos sociais afectados, chegando a percorrer a PO-403 cos veciños e veciñas de Moreira e Angoares para detectar os puntos máis críticos. A esta andaina foron invitados todos os partidos, mais o PP fixo caso omiso á invitación plantando aos veciños.

Chus Garrote sinala que “Salvador González Solla está máis preocupado por gañarse unha silla ao lado de Feijóo, agora que deixa o cargo, que polas necesidades de Ponteareas”.

■ **Por: Guillermo Rodríguez. Director**



## Destruíndo a democracia

**H**oxe, consciente das miñas limitacións, vanme permitir que me apoie nas palabras de Noam Chomsky nunha entrevista que lle fan para a revista EL VIEJO TOPO do pasado mes de febreiro.

Noam Chomsky é lingüista, político e activista político. Profesor emérito no Instituto Tecnolóxico de Massachusetts (EE UU). Considerado figura descataada no eido da lingüística e ciencia cognitiva, así como polo seu activismo político cunha forte crítica ao capitalismo contemporáneo. Tamén se lle considera un socialista libertario.

Vexamos, pois, brevemente, algunhas das súas declaracións que van servirnos como piares e alicerces do que nós, humildemente, pretendemos comunicarlles.

“Ao remate da 2ª Guerra Mundial entramos nunha nova era. Chamámoslle Antropoceno; era na que os humanos producen un impacto severo, de feito cáseque desastroso sobre o medio ambiente. Ao redor dos anos setenta a intelixencia humana dedicouse a eliminar, ou polo menos a debilitar, as principais barreiras. Chámanlle neoliberalismo. Houbo unha transición que algúns chamaron “estado do benestar, a socialdemocracia. Ás veces chámasele “a idade de ouro do capitalismo moderno”. Isto cambiou nos setenta coa chegada do neoliberalismo na que vivimos dende entón.

O seu principio fundamental é desactivar os mecanismos de solidariedade social e o compromiso popular na determinación das políticas. Chámaselle liberdade, pero “liberdade” que implica subordinación ás decisións dun poder político concentrado, non responsable, privado. Margaret Thatcher díxoo moi acertadamente: “a

sociedade non existe, só existen individuos”. Sen querer estaba a parafrasear a Marx quen na súa condena pola represión en Francia, dixo: “a represión está transformando á sociedade nun saco de patatas, só individuos, unha masa amorfa que non poida actuar conxuntamente”.

Nos setenta houbo un grande debate entre a elite sobre o perigo de que houbera demasiada democracia e a necesidade do que chamaron “moderación” na democracia para que a xente fora máis pasiva e apática, para que non molestara demasiado. Iso é o

que fan os programas neoliberais. Non se pode saber en que momento, pero, cando se imponen políticas socioeconómicas que conducen ao estancamento ou ao declive para a maioría da poboación, a deslexitimar a democracia, a que as decisións políticas non estean nas mans do pobo, o resultado é xente descontenta, enfurecida e atemorizada. Ese é o fenómeno ao que chaman, de forma engañosa, populismo.

En Europa a forma de desacreditar a democracia é moi directa. As decisións están nas mans dunha troika que non foi elixida: Comisión Europea, que non se vota; o FMI, igualmente non votado e o Banco Central Europeo.

Eles son os que toman as decisións; así que a xente está cabreada, está perdendo o control das súas vidas; son os que sofren as consecuencias das políticas económicas, o resultado é a ira, a desilusión, o descontento.

Dende o punto de vista consensuado dos liberais internacionalistas e as tres grandes democracias industriais conclúen que “as institucións son as responsables do adoutramento dos xoves: as escolas, as universidades, a igrexa, non están facendo ben o seu traballo. Non están a adoutrinar a mocidade adecuadamente. Esta ten

que voltar a ser pasiva e obediente, entón será cando se arranxe a democracia”. Isto era o que se dicía pola banda da esquerda.

Pola banda da dereita, existiu un documento moi influente: “O momento Powell2, escrito para a Cámara de Comercio de EE.UU. que foi o causante do movemento conservador moderno. A visión é que unha esquerda alborotadora se apoderou de todo. Temos que utilizar os recursos de que dispoñemos para vencer a esta esquerda desbocada que está a danar a liberdade e a democracia.

Pero hai algo máis. Como resultado do activismo dos anos setenta e a militancia laboral houbo unha caída

da taxa de beneficio. Iso non é aceptable, así que había que reverter esa caída, había que debilitar a participación democrática. Que chegou, logo? O neoliberalismo que ten exactamente eses efectos”.

Carlo Formenti, escritor italiano, dinos no seu libro “La variante populista” que o ordoliberalismo alemán sobre cuxos principios se funda todo o edificio comunitario considera ao mercado como unha construción da que o Estado debe facerse cargo, garantindo o respecto do principio de competitividade. O Estado, evitando interferir directamente no proceso económico, pero impulsando un programa radical de privatización dos servizos públicos e aplicando os principios da xestión privada á xestión da administración pública, debe perseguir a estabilidade dos precios eliminando todo obstáculo ao espallamento da libre competencia. O respecto destes principios é imposto aos países membros a través dun rixido sistema de normas que baleiran de contido as lexislacións dos devanditos estados. Regras que funcionan realmente como unha constitución europea por medio dunha serie de tratados vinculantes (véxanse as reformas constitucionais para impoñer o equilibrio orzamentístico, chegando a prohibir calquera política industrial que comporte investimentos públicos e impoñendo, ademais, ao Estado o alleamento do seu patrimonio público que aínda quede sen privatizar). A UE preséntase coma un mega-experimento moral e antropológico, unha verdadeira e propia utopía que se propón crear ao “home novo” da orde neoliberal. Este é un proceso de des-democratización que busca baleirar a democracia de substancia sen suprimir a forma.



**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T. 658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Tradución e corrección:** Montserrat Rodríguez  
cursosspanhol.cep@gmail.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)  
T. 986 64 12 69  
redaccion@novasdeturonio.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.  
**Publicidade:** Dpto. propio e axencias  
publicidade@novasdeturonio.com

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

**Depósito legal:** VG 40-2016

## CONDADO/PARADANTA

## PONTEAREAS

## Carrera pide explicacións sobre o accidente nunha arqueta

O Portavoz de ACiP, Juan Carlos González Carrera, esixe ao alcalde unha atención inmediata a unha señora que resultou contusionada de gravidade (necesitou atención médica e farmacolóxica) polo accidente sufrido nunha arqueta (mellor, pola falta de arqueta) na vía pública por onde transitaba.

A señora presentou un escrito no concello dirixido ao Alcalde o día 2 de novembro, no que lle explicaba o accidente, acompañaba os partes médicos e solicitaba unha indemnización polos gastos ocasionados así como a reparación urxente da devandita arqueta inexistente.

Juan Carlos Carrera acusa ao Alcalde de non cumprir coas súas obrigas (aínda que neste caso tamén está implicada a Concelleira de Obras Públicas Sra. Garrote), de non preocuparse polo estado das vías públicas e por non ter a decencia de respostar a esta señora despois de cinco meses.

González Carrera continúa afirmando que lle parece indignante que calquera veciño de Ponteareas, e máis cando resulta accidentado pola negligencia do goberno local, non reciba unha satisfacción do Alcalde, así como o pago dos gastos ocasionados polo accidente.

Ao parecer, segundo os veciños, esa arqueta non existe dende tempos ha pero ninguén se preocupou de repoñela aínda que o goberno local ten constancia do perigo que supón.

ACIP pidelle desculpas á señora que sufriu o accidente e denuncia publicamente o que entende é unha falta de sensibilidade que un cargo público, e máis se se trata do Alcalde ou Concelleiro responsable, se pode permitir. Está claro, segue dicindo González Carrera, que este goberno, chamado de esquerdas, parece importarle pouco o que lle ocorra aos veciños do Municipio, moitos deles seus votantes.

Que a estas alturas ninguén do goberno (Alcalde ou Con-

celleira de Vías e Obras) se puxera en contacto con esta señora interesándose polo seu estado e facerse cargo dos gastos por medio do Seguro de Responsabilidade Civil resulta indignante.

O que tería que ser un paseo de domingo para un veciño/a pasa a ser un día con consecuencias desagradables. Todo pola dexación dun goberno que non está para solucionar eses pequenos problemas nin se lle espera.



## ACiP alerta sobre o perigo dos cabalos soltos en Padróns

O Portavoz Municipal de ACiP, Juan Carlos González Carrera, vén de alertar sobre o perigo que supoñen o gran número de cabalos soltos que, nos últimos tempos, se poden atopar na estrada Ponteareas-Pazos de Borbén, o que, segundo o portavoz independente ponteareán “supón un grave perigo para os veciños e veciñas que diariamente circulan por dita estrada”.

Os incendios do pasado mes de outubro, obrigaron que os cabalos que estaban soltos polos montes, baixaran a zonas máis poboadas en busca de pastos e, “diariamente” asegura González Carrera, “invaden a estrada Provincial diariamente pro-

vocando situacións de grave risco aos condutores e veciños en xeral”.

ACiP asegura facerse eco das denuncias da veciñanza de Padróns que ve como os animais soltos “invaden as súas propiedades sen que ninguén tome medidas” e asegura que garantir a seguridade da veciñanza “entra dentro das competencias do Concello e da Deputación de Pontevedra que é a propietaria da estrada”.

O Concello, afirma Carrera, ten que realizar o seu labor de recoller os animais, “comprobar que levan o correspondente chip de identificación e publicar un bando para que os propietarios os reclamen e paguen aos veciños e veciñas os danos sufridos nas súas propiedades”.



## Políticos que pedían a municipalización dos servizos agora son os reis das privatizacións

A concelleira do P.P. local, Belén Villar, manifesta estar sorprendida, despois das últimas manifestacións na prensa polo Goberno local, especialmente polo concelleiro Sr. Troncoso, sobre o inicio do Expediente de Contratación para o Servizo de Axuda no Fogar de Dependencia. Cando di “o goberno aposta pola mellora deste servizo e que pode verse no aumento da inversión e das horas prestadas aos veciños nos últimos anos”, están tinto. A realidade é que o Concello non destina nin un só euro á este servizo, é a



Xunta quen o paga e quen aumentou 3.000 horas máis.

O Sr. Troncoso afirma que só se limitan a prorrogar un servizo realizado pola mesma empresa, pero oculta que antes o contrato era anual e agora

pretende sexa por catro anos. Isto impedirá poder municipalizar o servizo, como antes pedían os partidos que conforman o goberno actual, cando o Estado permita aos concellos aumentar a contratación de

personal, cousa que está agora mesmo en discusión.

Sen embargo, sigue afirmando Belén Villar, no servizo de axuda a domicilio, competencia municipal, onde o Sr. Troncoso podería lucirse destinando máis diñeiro, hai menos cartos que fai catro anos. Resumindo: fan o contrario do que pregoan. Aínda máis, reducen o personal pasando de 7 a 6 empregadas. Non contrataron a ninguén, logo dunha xubilación, nin sequera cos Plans de Emprego da Deputación que sò para este concello concedeu 55 traballadores/as.

Este é o principal contrato

que ten o Sr. Troncoso na súa área; aínda así déixao caducar e dende setembro pasado veno ampliando a mesma empresa, coa asinación do Alcalde, sen licitación nin publicidade, pagando un 24% máis. Agora “de presa e correndo” pretenden unha licitación mal feita; co informe en contra do Secretario accidental, sen informe de Intervención e por un prezo superior ao que había. O Alcalde atreveuse a asumir competencias propias do Pleno, polo que entendemos que non se axusta a legalidade, remata afirmando a concelleira do PP, Belén Villar.

## A CAÑIZA / AS NEVES

## O Alcalde presenta o proxecto do novo Parque Central de A Cañiza

O pasado 2 de marzo Miguel Domínguez presentou no Salón de Plenos do Concello o proxecto do novo parque infantil que empezará a construírse neste ano e que suporá un importante activo para a Cañiza.

A instalación sitúase en pleno casco urbano, pegado ao actual parque Heriberto Fustes, nuns terreos adquiridos tras un longo proceso de expropiación. Na presentación o Alcalde agradeceu a cooperación dos propietarios destes terreos, sobre todo dos veciños de A Cañiza, que estiveron en boa disposición dende o inicio do expediente, de cara a facilitar en todo o posible o proceso expropiatorio.

O Proxecto redactado polo arquitecto Oscar López Alba



abarca un total de 4000m m2, con varios espazos diferenciados, que acollerán parques para nenos menores de 3 anos, un segundo para nenos a partir de 4 anos e un terceiro para adolescentes e adultos. Incluirá una pista polideportiva con bancada para anfiteatro que acollerá tanto actividades deportivas como culturais.

Unha vez construído destacará tamén pola variedade de árbores caduciformes orientados estratéxicamente para dar sombra aos distintos espazos.

A obra que en breve estará en fase de licitación, comezará a executarse neste verán e estímase que a súa construción esté rematada no prazo de catro meses dende o inicio.

## O Concello reforma o taller e amplía a cuberta do parque de maquinaria

O deterioro polo uso e o paso do tempo do taller, da edificación anexa e máis do peche do recinto así como a existencia de novas necesidades, foron determinantes para executar estas actuacións de cara a garantir sobre todo a prestación duns servizos de calidade.

A nave municipal, unha edificación de 208 m2 que se usa como taller e que conta cun pequeno molle de carga adousado de 118 m2, requería dunha reforma inmediata, sobre todo da cuberta, xa que despois de 30 anos deixou de cumprir a súa función ao permitir abundantes filtracións de augas. Para iso substituíuse a totalidade da cuberta, deseñada inicialmente en dentes de serra e composta por placas de fibrocemento, retirando e rediseñando toda a estrutura pasando a construír unha cuberta

a dúas augas, máis sinxela, moderna e funcional.

Aproveitouse tamén para ampliar o molle de carga e parte do recinto permitindo acoller o acopio de material de obra e a maquinaria municipal (retroexcavadora, perfiladora, asfaltadora, tractores desbrozadores...).

A nave serve de base á brigada de obras e mantemento de vías municipais, parques e xardíns e limpeza viaria.

Tamén se acometeu a urbanización integral da parcela, construíndo una beirarrúa de 2 m de ancho, paralela á cuneta

así como un novo pechamento perimetral co obxectivo de acadar unha mellor adecuación do entorno.

Fora do recinto pero na mesma parcela, o Concello conta con outra edificación de planta baixa de 100 m2, coñecida como a casa da Cruz Vermella que serviu durante anos como base para as ambulancias e ata hai pouco como base central das brigadas de defensa contra os incendios forestais. Despois da rehabilitación, está destinada ao acopio ordenado do material máis sensible das brigadas municipais.



## Novo parque infantil nas Neves

O Concello das Neves ven de instalar xa hai semanas un novo parque infantil na praza de enriba do auditorio, xusto a beira da Casa do Concello en pleno centro da vila.

Esta instalación deportiva está tendo un uso diario por crianzas das Neves en contraposición co que estaba a ocorrer cos parques existentes. A nova instalación esta colocada no centro da vila nun lugar moi accesible e cómodo. En cambio os par-

ques anteriores están en lugares afastados e de difícil acceso.

O Alcalde das Neves, Xosé Rodríguez Méndez, indica novamente que as crianzas son o futuro das Neves. "Debemos ofrecerlle servizos e comodidades a elas e aos seus proxenitores, melloras nas zonas de lecer, -parques, Casa da Xuventude-, tamén nos centros de ensino, na Biblioteca, nas áreas deportivas e nos eventos culturais amais do servizos diarios.



## As Neves prepara 43 áreas de reciclaxe

O Concello das Neves está rematando a instalación de 43 áreas de reciclaxe en tódalas parroquias do territorio municipal. As obras que se realizan consisten na maior parte dos casos na preparación dunha soleira de formigón delimitada con pintura e barras de aceiro. Amais colócanse sinais explicativas da recollida selectiva cun espazo para anuncios.

O goberno nacionalista e socialista das Neves aumentou, dende 2015, un 50% o número de contedores para a recollida selectiva. Oscar González, Concelleiro de Medio Ambiente, indica que hai moito por avanzar no tratamento do lixo. Reducir a cantidade de lixo xerado, sobre todo mediante a compostaxe, e separar para reciclar son esenciais ecolóxica e economicamente, conse-



guindo a sustentabilidade do ambiente e reducindo o gasto en lixo que pode permitir non ter que aumentar taxas e reorientar o gasto a outros investimentos.

Salientar, tamén, as melloras realizadas no Punto Limpo, que pasou de ser hai dous anos un basureiro con multas, contaminación e custes moi elevados, a ser un lugar agradable, atendido de martes a sábado onde cada vez un maior número de residuos que entran son destinados a recuperación e reciclaxe.

## CONDADO / PARADANTA

## COVELO / ARBO

## Programa de compostaxe doméstica III en Covelo

O Concello de Covelo está adherido ó Programa de compostaxe doméstica de Sogama có obxecto de que as persoas e familias interesadas poidan aproveitar os restos orgánicos que xeneran nos seus domicilios e reducir con isto a cantidade dos mesmos que decotío rematan no contedor verde ou xenérico.

A compostaxe doméstica é o proceso de descomposición biolóxica da materia orgánica xerada no fogar, como son os restos de comida e podas, obtendo un abono natural con excelentes propiedades para o solo e que o propio produtor pode utilizar en substitución dos fertilizantes artificiais.

Nesta terceira fase, a Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) en colaboración có Concello facilitará as persoas ou familias interesadas un total de 25 composteiros, un manual de compostaxe doméstica e un pequeno curso de formación (duración de unha hora) có obxecto de procurar o maior éxito na implantación da experiencia composteira.

Os interesados en participar nesta iniciativa deben residir en vivendas unifamiliares que dispoñan de horta ou xardín, estar empadroados e solicitar a participación nas oficinas do Concello ata o 22 de marzo.

A selección dos 25 participantes que cumplan os requisitos farase por orden de solicitude, respetando as inscricións sin atender da segunda fase e quedando os demais inscritos para unha posible fase posterior do programa.

O venres día 23 de marzo, ás 18:30h. impartirase, no Edificio de Usos Múltiples, o pequeno curso de compostaxe e entregaránse os 25 composteiros previstos ás persoas ou familias seleccionadas.

## Xornada informativa de loita contra a vespa velutina e entrega de trampas para a súa captura

O final do inverno e o inicio da primavera prodúcese a saída do seu refuxio das reinas de velutina para formar o niño primario a partir do cal formarán o niño definitivo que é o que, posteriormente, se pode ver nas cimas das árbores. Có obxecto de reducir o impacto desta especie invasora é importante iniciar os traballos de localización e trameo neste momento do ano.

O Concello de Covelo organiza unha xornada informativa para a loita contra a vespa velutina, dunha hora de duración, que terá lugar o venres 16 de marzo de 2018, as 18:00 h. no Auditorio Municipal de Covelo. Esta charla informativa será impartida por un técnico especializado da empresa TRAGSA e incidirá sobre a diferenciación de especies, a forma de expansión, o ciclo de vida da especie invasora e os métodos máis axeitados de control así como a súa programación o longo do ano.

Ó final da exposición se entregarán trampas de captura ás persoas asistentes para que poidan colaborar, dende o seu ámbito, a frear a extensión deste problema ambiental.

## III Andaina da Lamprea

Un ano máis o Concello de Arbo organiza a Andaina da Lamprea, que este ano vai pola súa 3ª Edición, e terá lugar o domingo 8 de abril sendo o "pistoletazo" de saída ás actividades programadas antes da Festa da Lamprea deste ano 2018.

A saída será dende a Praza do Concello ás 9.30 h., configurándose como un percorrido circular de aproximadamente 13 Km. O prezo da andaina ascende a 5 euros e será ingresado no número de conta ES12 2080 5011 8230 4000 6781. Está prevista a entrega de agasallos para todos os participantes e unha degustación de lamprea e viño de Arbo. As inscricións poderán recollerse nas oficinas municipais ou baixarse da páxina web do Concello ([www.concellodearbo.es](http://www.concellodearbo.es))



**milfollas**  
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS  
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA  
Telf: 698 126 352

[milfollas@mundo-r.com](mailto:milfollas@mundo-r.com)

**Panadería Pastelería**  
**A Fogaza**  
Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Ponteareas  
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

**ELECTRICIDAD**  
IN. M. A. C.  
**CONDADO, S.L.**

Jorge Ferreira Bouzo  
Instalador Autorizado PD-1600

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tell. 966 65 82 07 Móviles 651 86 01 55 - 85 email: [administracion@electricidadcondado.es](mailto:administracion@electricidadcondado.es)  
Políg. Ind. Chan de Poio, Nave 1 - 36450 SALVATERRA DE MIÑO

## O PORRIÑO

## Os novos orzamentos do Porriño priorizan accións nas parroquias, fomento do emprego e benestar social

**B**enestar social, fomento do emprego, actuacións nas parroquias e humanizacións, son os eixes fundamentais do novo orzamento do Concello do Porriño, aprobado polo Pleno da Corporación logo de seis anos-dende 2012- nos que as contas municipais tiveron que ser prorrogadas, mesmo durante o mandato dun Goberno local que contaba con maioría absoluta.

En total, este ano investiránse na vila máis de 4,2 millóns de euros, que servirán, para levar o saneamento a Chenlo, Mosende, Pontellas, Cans, Atios ou Budiño e para a mellora do estado das vías públicas- máis de 1,5 millóns de euros; para a urbanización das rúas Coruña e Pontevedra, 370.000€; para a creación de emprego, un 600.000€ e para incrementar as accións no eido do Benestar e Servizos Sociais, en conxunto 1,3 millóns.

As contas reflicten, así mesmo, as inversións que se realizarán no barrio do Contrasto, en Torneiros, vía remanente de Tesourería, que superan os 350.000€ para conectar as casas á Rede Municipal de Abastecemento de Auga, tal e coma se comprometerá a alcaldesa cos veciños e se recolle no plan entregado o pasado mes de decembro á Xunta de Galicia.

Con cargo ao Plan Concellos da Deputación, se recolle a Humanización da Avenida de Galicia, cun proxecto que contempla melloras neste entorno para facilitar o seu aproveitamento e o gozo por parte dos veciños, un proxecto que achégase os 500.000€ e, tamén financiado pola Deputación, o investimento de 1 millón de euros na nova pista de atletismo.

Como subliña a alcaldesa, Eva García de la Torre, estas contas dan “resposta aos problemas do día a día que teñen as veciñas e veciños do Porriño” e son os “primeiros orzamentos consensuados coas forzas da Corporación”.

Neste sentido García de la Torre agradece a “EU SON a actitude de co-



laboración, aberta a aprobar as contas do Concello con propostas que van a mellorar o funcionamento dos servizos municipais, como un Plan Integral de Actuación en Torneiros, dotado cun millón de euros, no que haberá unha intervención directa dos veciños, a creación dunha Oficina de Participación Cidadá e as súas aportacións para que haxa unha maior transparencia na xestión municipal”.

Do mesmo xeito, a alcaldesa preza a colaboración e o “traballo conxunto na mellora das condicións de vida das porriñesas e porriñeses con máis dificultades”, por parte da concelleira do grupo municipal de Non Adscritos e, aínda que non foi posible un entendemento total que permitise un voto a prol das novas contas, “maila a que o Goberno local fixo súas gran parte das súas proposicións”, a abstención do BNG, que fixo posible aprobar finalmente os orzamentos municipais.

Eva García de la Torre ve, do mesmo xeito, un cambio de talante no Partido Popular aínda que, ao seu entender “redactou unha carta aos Reis Magos, con propostas non cribles, que non se axustan ás posibilidades reais de gasto o que suporía que tivéssemos que desatender servizos básicos” o cal non permitiu incorporar as súas emendas e chegar, finalmente, a un entendemento.

## O BNG propón que o Concello non recorra a sentenza das canteiras e chegue a un acordo cos veciños de Atios

**A** sentenza ditada o pasado 28 de febreiro pola titular do xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 3 do Porriño dálle a razón aos veciños de Atios na súa reivindicación sobre a propiedade das parcelas onde se localizan as explotacións de granito. O auto da xuíza Adriana López Barcón, baseándose na abondosa documentación histórica e na declaración dos peritos e testemuñas durante a vista oral, non deixa lugar a dúbidas sobre a titularidade inmemorial do monte Carrascal e Laxedo.

Como aconteceu noutros preitos semellantes, por exemplo, polas parroquias de Cabral, Tameiga, Teis, Mourente ou Salcedo, a xustiza recoñeceu a propiedade veciñal dun aeroporto, un polígono industrial, un zoolóxico, un hospital ou un cuartel militar. A xurisprudencia é clara e reiterada a respecto do carácter comunal dos montes onde se asentaban esas instalacións, tan diversas e afastadas do que puidera entenderse como aproveitamento veciñal. Aínda no caso da parroquia porriñesa de Budiño, en que a xustiza non lle deu á razón á Comunidade de montes na súa demanda de propiedade sobre as canteiras situadas no monte Cerola e Faro, os autos xudiciais non negan o carácter veciñal deses terreos, senón que se desestima a demanda porque, tecnicamente, a Comunidade de montes non puido demostrar que tales parcelas destinadas a canteiras estivesen dentro do límite do monte veciñal. O caso de Atios é distinto porque non admite dúbidas, a sentenza dá por probada a identificación e límites do monte Carrascal e Laxedo.

Afortunadamente para os intereses do Concello, a sentenza de 1ª instancia non fai condena en custas e cada parte debe asumir os seus gastos. Con todo, este preito custoulle xa ao Concello arredor de 50 mil euros, entre avogados, procuradores, técnicos propios e o perito xudicial solicitado polo letrado do Concello, un informe que disparou o custo do procedemento para as arcas municipais. Recorrer en



apelación ante a Audiencia Provincial suporía o incremento dos gastos xudiciais, coa alta posibilidade de ser condenado o Concello a pagar tamén as custas da outra parte. Un risco, creen dende o BNG, que non debe asumir o goberno local, habida conta dos escasos ingresos que hoxe en día deixan as canteiras de Atios na tesourería municipal.

Por todo isto, dende o BNG instan ao goberno local que non recorra a sentenza, sente a negociar coa comunidade de Montes de Atios e chegue ao mellor acordo para os intereses municipais. Tarde ou cedo, a xustiza fará firme a propiedade legal dos veciños e, daquela, o Concello non terá marxe de manobra nunha negociación.

Temos moi preto un exemplo de acordo que pode servir de referencia para o caso. A comunidade de montes de Tameiga gañou en primeira instancia a propiedade do monte Faquiña, onde se asenta o polígono industrial. O concello de Mos, co apoio de todos os grupos da corporación, deu por válido o fallo e acadou un acordo, aínda con informes desfavorables dos técnicos municipais, coa Comunidade de montes para o reparto das rendas percibidas polos alugueiros das parcelas do polígono. E, curiosamente, o concello saíu gañando, xa que agora ingresa máis que cando era o titular legal do terreo.

Recollendo as palabras da propia alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, quen no inicio do seu mandato prometeu aos veciños de Atios acabar coa litixiosidade entre as dúas entidades e non recorrer un fallo favorable no preito das canteiras, o BNG presenta unha moción ao pleno, para que o goberno non recorra a sentenza e acade un acordo coa Comunidade de montes.

## LOURIÑA

## O PORRIÑO

## A Xunta tiña o proxecto de abastecemento na zona do Contrasto afectada polo lindano

A Xunta de Galicia tiña no seu poder dende o día 21 de decembro de 2017 o proxecto para levar a rede municipal de abastecemento ás veciñas e veciños do Contrasto, tal e como recoñece a mesma Xunta no “Informe sobre a contaminación por lindano na zona de Contrasto-Porriño” de data 15 de febreiro pasado.

Ese 21 de decembro-hai exactamente 62 días- a alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, mantivo unha xuntanza en Vigo con 11 técnicos e responsábeis das consellerías de Medio Ambiente e Sanidade do Goberno de Galicia e, como figura, literalmente, na páxina 10 do devandito informe, remitido por email pola xefa do servizo de control de riscos ambientais da Xefatura Territorial de Sanidade, este martes, 20 de febreiro, “O Concello xunto co Consorcio de Augas do Louro está a traballar no proxecto que foi presentado na reunión mantida o 21 de decembro coas consellerías de Sanidade e Medio Ambiente e Ordenación do Territorio”.

O devandito proxecto-de 24 páxinas- no que constan descrición das obras, estimacións orzamentarias e planos de cada un dos tres treitos para estender a Rede de Abastecemento Municipal Augas á zona do Contrasto, fora elaborado en novembro polo



Consorcio de Augas do Louro, polo cal é certo o que se indicaba na nota de prensa remitida polo Concello o pasado día 16, “o Goberno local quen, dende o 4 de decembro pasado, ten xa un proxecto para levar a rede municipal de saneamento a todas e cada unha das casas afectadas polo lindano [...]”.

Posteriormente, o día 8 de febreiro, a técnico do Concello encargada de seguir adiante con este proxecto para axilizar o mesmo, debido á baixa laboral do xerente do Consorcio de Augas do Louro, enviou un e-mail ao subdirector xeral de Avaliación Ambiental, dependente da Consellería de Medio Ambiente, ás 11:48 horas no que adxunta memoria das obras a realizar para a extensión da rede de abastecemento de auga na zona do Contrasto.

A petición de Medio Ambiente, este mesmo proxecto remítese dende o Concello do Porriño o día 15 de febreiro ás 18:44 h.- curiosamente a outro organismo

da Xunta de Galicia- á Xefatura Territorial de Sanidade, tendo selo de entrada na Xunta ás 09:56 h.do día 16 deste mes.

En ningún caso-como certifican os propios rexistros da Xunta- o proxecto recibíuse o día 20 de febreiro na súa Delegación Territorial: os responsábeis de Medio Ambiente e Sanidade tiñan xa coñecemento do mesmo o 21 de decembro, tal e como recoñecen; amais, a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental ten no seu poder, cando menos, dende o día 8, hai 13 días, o mesmo xunto coa memoria de obras a realizar e a solicitude do Concello de que se indique se é posible a súa realización e con qué condicionantes e estaba, por segunda vez, a dispor da Xefatura Territorial de Sanidade dende primeira hora do día 16 deste mes, tres días antes da xuntanza dos seus técnicos con veciñas e veciños de Torneiros no Salón municipal de Plenos e catro das declaracións públicas da xefa territorial.

## 500 trampas na nova campaña anti-velutina no Porriño



A Concellería de Medio Ambiente quere mobilizar aos veciños na loita contra a vespa velutina e xa empezou a repartir 500 trampas -300 máis que o ano pasado- e 175 litros de líquido atraente deste insecto que estarán situados en todas as parroquias do Porriño.

“¿Quén mellor que os propios veciños, algúns deles apicultores, para facerlle fronte a esta especie invasora?”, sinala o concelleiro Marcelino Coto, quen asegura que cada trampa que entregue o Concello estará numerada e nunha localización concreta, “o cal permitirá ter un rexistro exacto da súa efectividade”.

Coto subliña que as porriñesas e os porriñeses son os máis interesados en acabar coa vespa velutina, en defender as súas casas, as súas árbores, as súas colmeas, e defender eles mesmos, “non esquecemos a morte de Ángel González, veciño de Orbenlle, en Budiño, logo do ataque de varias destas vespas”.

O reparto e a colocación destas trampas, o 95% das cales serán reu-

tilizabeis o ano que ven, coincide, “como xa tiñamos previsto”, co comezo da floración, que é o momento, segundo indican os expertos, no que empezan a saír as raíñas, ao redor das cales formaranse os panais, “e isto é unha época do ano que é clave para causar o maior dano posible a esta especie”. Ademais, está a poucas semanas do celebración da XXX edición da Feira Apícola das Rías Baixas, impulsada polo Concello do Porriño e organizada pola Agrupación Apícola de Galicia e a Asociación de Apicultores de Pontevedra, coa colaboración da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Mel de Galicia.

Marcelino Coto lembra o “constante traballo” que se fai, dende hai anos, polo Concello para afrontar a invasión da vespa velutina, unha labor que foi recoñecida pola Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo o pasado 2017, cando se eliminaron 3.800 exemplares deste insecto, “o 85% deles raíñas fundadoras”, aproximadamente unas 3.300.

**Xornal galaico-portugués  
busca xornalista e comercial  
para O CONDADO e A LOURIÑA**

**Boas condicións . Precísase con coche  
Enviar curriculum e experiencia a:  
redaccion.ndt@gmail.com**

## SALCEDA

## A oposición volve deixar as empresas proveedoras do Concello sen cobrar



O Equipo de Goberno do Concello de Salceda (Movemento Salceda) lamenta o acontecido no Pleno Extraordinario desta mañá, onde unha nova alianza entre os grupos da oposición (PP e PSOE) impediu aprobar o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito que permitiría o pago de 309.865,06 € a diferentes provedores do Concello de Salceda, que o grupo de Goberno levaba por segunda vez a Pleno.

A pesar de terse presentado o informe técnico solicitado polo Partido Popular sobre a realización dunha obra na parroquia de Picoña, e a pesar de aclararse tódalas dúbidas existentes co informe técnico presentado, o PP decidiu seguir inventando novas excusas segundo iba avanzando o Pleno, coa única finalidade de bloquear unha vez máis a acción do Goberno, prexudicando deste xeito a dúcias de provedores de bens e servizos, aos que se lles imposibilita así o cobro das súas facturas pendentes.

O PSOE volveu pedir unha vez máis a retirada do punto da orde do día, sen alegar ningún motivo que xustificase esa retirada, e incidindo unha vez máis na votación de facturas por separado, intentando así decidir a que provedores se lles paga e a cales non.

Ante as dúbidas dos partidos da oposición sobre as facturas consideradas como “investimentos”, incidíuse unha vez máis no informe de intervención que lle deu cobertura a esas facturas, que nese aspecto é favorable, incidindo dende intervención que, de non ser legal, houbese emitido reparo nese senso, cousa que non fixo. Inciden dende o Equipo de Goberno en que non se pode confundir o resultado dun informe coa argumentación empregada no mesmo,

que deixa ben claro o recoñecemento de tódalas facturas recollidas no REC. A oposición decidiu actuar deixando ao marxe os diferentes informes presentados polo equipo de Goberno, tanto de intervención como dos técnicos urbanísticos e xurídicos.

Denuncian dende Movemento Salceda a enorme irresponsabilidade dos grupos da oposición antepoñendo unha vez máis os seus intereses sobre os intereses das empresas e autónomos que traballan para o Concello de Salceda, e o que é máis grave, sobre os intereses dos propios veciños e veciñas.

O Recoñecemento Extraxudicial de Crédito é unha figura legal que permite ás empresas cobrar polos seus servizos sen ter que recurrir aos xulgados. Ante a pinza de PP e PSOE, os provedores do Concello vense abocados a recurrir de novo á vía xudicial, tal como xa fixeran no 2016.

Jose Luis González, Concelleiro de Facenda: “Os partidos da oposición seguen inventando dúcias de excusas para evitar pagarlle ás empresas proveedoras do Concello. Xa non caben máis falsas coartadas, PP e PSOE deben decidir se permiten que as empresas poidan cobrar o que se lles adebeda ou prefiren seguir a xogar e a bloquear a acción de Goberno, sen importarlle nada o prexuízo que lle están a causar a veciños e provedores”.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: “mentres Movemento Salceda estea ao fronte deste Concello non imos permitir ningún tipo de discriminación ou segregación entre os nosos provedores. Todos teñen exactamente os mesmos dereitos, e o Concello de Salceda de Caselas ten as mesmas obrigas con todos e cada un deles”.

## Salceda intensifica a loita contra a velutina

O Concello de Salceda de Caselas, xunto co grupo de voluntariado vinculado á vespa velutina, ven de iniciar o proceso de colocación de trampas para esta nova tempada. Un total de 21 persoas colaboran altruistamente nesta tarefa, distribuíndose o traballo por parroquias, e que se encargarán cada dúas semanas de repasar as trampas colocadas e o número de vespas velutinas que caeron nas mesmas. O Concello facilítalle ao voluntariado o material e produtos precisos para as trampas.

O pasado ano en Salceda de Caselas

desactiváronse un total de 81 niños, que comparados cos máis de 100 que se desactivaron no 2016 aporta datos positivos en canto ao funcionamento das trampas, que están a conseguir a eliminación de raíñas e, polo tanto, de novos niños.

Segundo Carla Pérez, Concelleira de Medioambiente “A Xunta de Galicia non fixo os seus deberes neste tema dende o primeiro momento, ata rematar derivándonos o problema aos Concellos, que nos temos que buscar a vida para solucionalo co escaso material que se nos aporta”.



## Salceda cataloga os seus espazos públicos

O Concello de Salceda de Caselas está a realizar os traballos de limpeza dos espazos ou “resalidos” municipais, dentro dos traballos de creación do inventario de bens municipais. O obxectivo fundamental desta limpeza é a delimitación exacta dos espazos e o levantamento topográfico en coordenadas UTM dos mesmos.

A posta en marcha do inventario de bens suporá a catalogación duns 100 “resalidos” ao longo de todo o territorio municipal, así como o rexistro de edificios, fontes e elementos patrimoniais municipais (cruceiros, petos de ánimas, lavadoiros...)

O inventario vai permitir ademais a legalización de usos preexistentes de determinados elementos como os potes comunais, muíños de herdeiros/as ou outras construcións.

O Concello de Salceda dispón dun Inventario Municipal que data do ano 1967, e que basicamente consiste nun libro que describe de xeito literal algúns bens que nesa data constaban como municipais. A veces dita descripción estaba acompañada dun



croquis realizado a man alzada, que a día de hoxe están completamente desfasados e sen os datos de situación, xeorreferenciación, xurídicos etc. precisos para que os bens alí reseñados poidan ser catalogados correctamente tal como esixe o RBEL nos 8 epígrafes que constitúen un Inventario Municipal.

En 2012 o Concello contratou a empresa LAYA que realizou e posteriormente foi aprobado o inventario municipal de viais, catalogando tódolos viais municipais, polo que quedaría para completar o Inventario o resto dos epígrafes: fincas urbanas, fincas rústicas, dereitos reais, mobles especiais, valores, vehículos, semovientes, mobiliario e bens revertibles, nos que agora se está a traballar.

## LOURINHA

MOS

## Mos educa aos adolescentes para un uso seguro das redes sociais

A concellería mosense de Educación que dirixe o edil Camilo Augusto impartiu onte ao alumnado de primeiro e segundo cursos da ESO do IES de Mos (242 rapaces e rapazas en total) unha actividade de concienciación sobre o correcto e seguro uso das redes sociais. A iniciativa enmarcouse baixo o título “Que non te enRede a Rede”.

A este respecto o concelleiro Augusto declarou que “na actualidade, internet e máis as redes sociais forman parte das nosas vidas tanto no eido profesional coma no persoal. Por iso, non podemos negar a súa existencia ou utilización, pero si educar á mocidade para que faga bo uso delas. O mundo das redes sociais achéganos moitas vantaxes, máis tráenos algún que outro problema se esta ferramenta se usa dunha maneira desaxeitada. Por iso dende o Concello de Mos quixemos ofrecerlle esta charla aos/ás alumnos/as do Instituto, para explicarlles os perigos das redes sociais facendo fincapé na importancia do uso responsable



das novas tecnoloxías”.

Por outra banda atópase o ciberacoso escolar, que podería ser definido como o uso dos medios telemáticos para exercer o abuso entre iguais, que pode ser exercido de múltiples maneiras, dende o feito de colgar en internet unha imaxe comprometida doutra persoa, proporcionar datos sen cosentimento ou ben datos falsos dalguén, deixar comentarios ofensivos en foros, facerse pasar por outra persoa, etc.

O obxectivo desta iniciativa é que os participantes na mesma tomen conciencia das vantaxes e riscos do novo mundo

das redes sociais. Os temas que se trataron na actividade foron: descripción das redes sociais, configuración e privacidade das mesmas, e perigos de ter un perfil público.

Así mesmo os puntos nos que se fixo maior fincapé para que fosen interiorizados polos alumnos/as foron a importancia de ser donos da súa rede social, de posuír a información necesaria para que ninguén poida violar a súa intimidade, dos perigos que conleva facer a súa imaxe pública, e da concienciación sobre a existencia de perigos que son perfectamente evitables no día a día.

## Antonio Barros estrea a canción “Sinto o meu lar” na TVG

O mo - sense Antonio Barros deu a coñecer a canción “Sinto o meu lar, que forma parte do que será o seu primeiro traballo discográfico, o pasado venres, 9 de marzo, no programa Luar da Televisión de Galicia; e que estará a partir dese intre en tódalas plataformas dixitais.



Barros, que foi o gañador

na pasada edición de Recantos do programa Luar, tamén ven de renovar como Mellor Cantante Masculino da Verbena Galega 2017; concedido polos oíntes do programa “Palco de Estrelas” de Radio Valga.

## Servizo de atención ao cidadán sobre a regularización catastral

O Concello de Mos lembra que o servizo de atención ao público sobre a regularización catastral estará operativo no salón de sesións da Casa Consistorial en horario de 09.00 horas a 14.00 horas ata o vindeiro venres 16 de marzo, cabendo a posibilidade de ampliación deste prazo de ser necesario.

Este servizo, prestado por un técnico especializado do ORAL, pretende facilitar aos veciños e veciñas de Mos a tramitación das consultas sobre a liquidación da regularización catastral. Esta medida evita que os habitantes de Mos teñan que desprazarse ata as oficinas do ORAL para realizar estas consultas.



Tlf.: 986 65 80 18  
Fax: 986 65 82 69  
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros  
Salvaterra de Miño

# Aridos do Mendo, s.l.



## Aridos e Formigóns

## Reestruturada a zona de Secretaría para ofrecer un mellor servizo aos cidadáns

A zona de Secretaría na planta baixa da Casa do Concello de Tui vén de ser reestruturada ofrecendo un entorno máis axeitado tanto para os traballadores coma para o público que acode a realizar calquera xestión.

Coa nova distribución, coa que se creou un espazo máis aberto, sinalizáronse con carteis indicativos os trámites que se realizan en cada posto de traballo, de tal xeito que o cidadá pode identificar claramente a quen dirixirse en función da xestión pola que acode até o concello.

O alcalde, Carlos Vázquez Padín, explica que deste xeito amósase a aposta que fan polo



“gobierno aberto e a vocación de servizo aos cidadáns”. Engade que “a nova distribución facilita o labor dos empregados incrementando a súa produtividade e tamén facilita o achegamento da cidadanía aos ser-

vizos públicos”.

A concelleira de Persoal, Mila González, sinala que a reestruturación levouse a cabo con medios propios e cun mínimo investimento referido á impresión dos carteis indicativos.

## O goberno municipal levará a pleno nos próximos meses a rebaixa do IBI

O goberno municipal de Tui tratará nos vindeiros meses de levar a pleno a rebaixa do IBI, Imposto de Bens Inmóbles, que era un dos puntos do acordo programático chegado entre

C21 e PP para gobernar no Concello de Tui.

O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, explicaba que esa rebaixa do IBI, faise máis pertinente que nunca “tendo en conta o malestar que está xe-

rando na poboación a regularización do Catastro” algo que aclara “é completamente alleo ao concello”.

Arestora o goberno municipal está a estudar coma acometer esa rebaixa. Posteriormente levará a pleno, nos próximos meses, a aprobación inicial da baixada do IBI, no que sería o primeiro paso a dar dunha medida que, completada a tramitación, entraría en vigor o 1 de xaneiro do seguinte exercicio, neste caso de 2019.

## Adxudicado o anteproxecto e estudo de viabilidade do aparcamento subterráneo na traseira da Área Panorámica

O concello de Tui vén de adxudicar o anteproxecto e estudo de viabilidade do aparcamento subterráneo na traseira da Área Panorámica por un valor de 17.500€ máis IVE. O estudo de arquitectura adxudicatario encargárase tamén da redacción dos pregos técnicos

para a posterior adxudicación do proxecto e da construción do aparcamento subterráneo, cuxa construción debería estar en marcha no que queda do actual mandato.

Despois de ter dialogado con varias empresas o concello chegou á conclusión de que para a viabilidade eco-

nómica do investimento a concesión do aparcamento soterrado ten que ir ligada á implantación da zona azul nas rúas céntricas de Tui xestionada pola mesma empresa. Así o alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, sinala que “obviamente ninguén pode pretender que un investidor

se gaste unha enorme suma de diñeiro nun aparcamento soterrado se este vai estar rodeado de aparcamento gratuito”. Engade o rexedor que o obxectivo é “atraer a Tui un investimento privado superior aos dous millóns de euros que permita paliar a problemática da escaseza de

aparcamento e poder urbanizar a traseira da Área Panorámica, dando cumprimento ao que o Plan Xeral contempla para esa zona, a súa conversión en zona verde”. Precisa amais que no remate do período de concesión o aparcamento pasaría a ser de propiedade municipal.

## Acordo entre concello e sindicatos sobre persoal

Reuniuse no concello de Tui a mesa de negociación onde o goberno municipal e os sindicatos chegaron a un acordo sobre o capítulo de persoal.

Segundo o alcalde, Carlos Vázquez Padín, “chegouse a un acordo cos sindicatos para rectificar o capítulo 1 dos orzamentos e incrementalalo en 82 mil euros”. Ao tempo explicou que se mantén o estudo da Relación de Postos de Traballo fóra do capítulo 1, por

cuestións técnicas, que suporá un investimento na mellora da organización e os seus traballadores.

Logo deste acordo cos sindicatos, que o alcalde Carlos Vázquez Padín entendía que era importante para poder levar os orzamentos a pleno, nos próximos días remitirán no novo borrador dos intención é continuar até o pleno de marzo e aprobar os orzamentos. Nos próximos días remitirán o borrador aos grupos da oposición.

## Tui saca a licitación a elaboración dun informe sobre estado das vivendas de Caldelas

O Concello de Tui vén de sacar a licitación a contratación do contrato de servizos para a elaboración dun informe/ditame/proposta sobre as patoloxías presentes do edificio das vivendas rehabilitadas polo Concello do antigo cuartel da Garda Civil de Caldelas. O importe da licitación ascende a 5.445€.

O alcalde, Carlos Vázquez Padín, explica que para o equipo de goberno é unha prioridade darlle unha solución á situación deste

edificio de vivendas tanto para facer xustiza cos propios veciños que no seu día mercaron unha das vivendas municipais, coma polo interese do propio concello propietario do inmovible, no que restan 11 vivendas baleiras.

Este é o primeiro paso efectivo en moito tempo, indica Vázquez Padín, para facer un diagnóstico fiable dos problemas do edificio para, a partir, de aí, poder tomar medidas encamiñadas á solución da problemática.

## BAIXO MIÑO

A GUARDA / TOMIÑO

## 8M: Preto de 200 veciñas e veciños da Guarda xúntanse para clamar pola igualdade

**P**reto de dous centenares de persoas de todas as idades encheron onte a Praza do Reló para reivindicar a igualdade real de dereitos, deberes e oportunidades de mulleres e homes, co gaio do Día Internacional das Mulleres que se conmemora cada 8 de marzo.

A concentración comezou pasadas as 12:30 horas coa lectura dun manifesto por parte da Concelleira de Igualdade e Servizos Sociais, M<sup>a</sup> Teresa

Vicente, no que clamou por unha sociedade «libre de opresións, de explotación e violencias machistas», na que non exista a discriminación laboral por cuestión de xénero nin as mulleres «sexamos xulgadas e podemos exercer a nosa liberdade sexual, reprodutiva e, en xeral, en todas as áreas e facetas da nosa vida». Nesta mesma liña interviron a concelleira de Turismo e deputada provincial, Montserrat Magallanes; a pre-

sidenta da Asociación de Mulleres Progresistas da Guarda, Carmen María Castro; e o alcalde do Concello da Guarda, Antonio Lomba.

Con todo, a intervención máis emotiva foi a do alumnado do IES A Sangriña. Un grupo de preto de 40 alumnas e profesorado do centro guardés achegáronse á Praza do Reló ataviados con camisetas de cor morado e unha pancarta reivindicativa. Alí, leron un manifesto no que desta-



Concentración na Praza do Reló

caron o labor esencial das xeracións máis novas na procura dunha sociedade xusta e libre de violencias machistas.

Esta foi, con todo, unha

concentración sen precedentes na vila, tanto polo número de persoas participantes como polo compromiso e unión de todas elas en prol da causa feminista.

## O Concello de Tomiño “para” en defensa da igualdade

“Hoxe, con este xesto de busca dunha sociedade máis xusta e igualitaria, decidimos parar”. Con estas verbas da alcaldesa de Tomiño, Sandra González, arrancaba a mobilización celebrada na praza do Seixo con motivo do Día Internacional da Muller e no que se chamaba á folga feminista para reivindicar a igualdade para todas as persoas, a “igualdade para a metade da poboación que vive en este planeta e que aquí e en tantas partes do mundo padece discriminación. Comezo polas mulleres que loitan todos os días en calquera lugar do mundo por subsistir, por comer, por protexer

aos seus fillos e fillas en condicións de guerra, de opresión ou de fame. Penso hoxe nas mulleres sirias, nas saharauís, nas mulleres de África e América Latina, que sofren esa dobre discriminación: polas súas circunstancias e por ser mulleres”.

Así, ante unha praza do Seixo ateigada, a alcaldesa recordou que a busca da igualdade debe ser “un afán internacional que non se importe de nacións, de bandeiras, de relixións nin de partidismos. Na defensa da igualdade cabemos todos e todas porque soamente bus-



camos unha sociedade máis xusta. Nada máis e nada menos”.

Entre consignas como ‘Contra a violencia nin un gramo de paciencia’, ‘Ante a discriminación, mobilización’ ou ‘Somos a voz das que non teñen voz’, varias mulleres, entre elas as concelleiras Ana Cristina Martínez e Fátima

Rodríguez, participaron na lectura do manifesto co gallo do Día Internacional da Muller, no que “miles de mulleres abandonaron hospitais, aulas, fogares... para demostrar que se nós paramos o mundo para” e para denunciar “o alto valor que representamos en todas as esferas, moitas veces oculto e non retribuído”.

## Deputados socialistas visitarán o esteiro do Miño

**O** venres 16 ás 12:30 visitarán a praia da Lamiña-O Forte os deputados Patricia Vilán, viceportavoz e responsable de Medio Ambiente do PSdeG no Parlamento de Galicia, e Guillermo Meijón deputado pola provincia de Pontevedra no Congreso dos Deputados que, ante a falta de resposta da Xunta de Galicia e o Goberno central, queren mostrar o seu apoio e coñecer máis de preto a situación do esteiro do Miño tras os últimos temporais destas semanas, de cara á presentar iniciativas parlamentarias. Os deputados estarán acompañados polos socialistas guardeses.

REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDIO  
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍS  
FORMACIÓN PARA ADULTOS

**TEMPOS**  
CENTRO DE ESTUDIOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1<sup>a</sup> B  
T. 654 07 57 51

**Talleres Guiller Motor**

Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24  
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)  
Tel / Fax 986 66 15 41

SPG TALLERES

## A GUARDA

## O Concello urxe a tramitación de emerxencia da reparación do litoral na Lamiña e o Codesal

O alcalde dirixiu unha carta a Costas do Estado, Consellería de Medio Ambiente e a Subdelegación do Goberno en Pontevedra, reclamando accións urxentes, dado o acelerado deterioro da liña da costa no esteiro do Miño a causa do recente temporal.

O alcalde do Concello da Guarda, Antonio Lomba Baz, ven de solicitar aos organismos autonómicos e estatais competentes unha actuación urxente que poña solución á perda de terreo na praia da Lamiña-O Forte e na zona do Codesal, onde as mareas vivas e o temporal dos últimos días causaron unha significativa aceleración no proceso de mingua do terreo.

Nesta liña, a erosión das mareas e outros fenómenos influentes no nivel do río «veñen producindo unha perda notable de terreo e zona dunar dende hai anos», indica Lomba, que cuantifica o retroceso do terreo na praia da Lamiña en preto 2 metros nos últimos días, co consecuente derrube de numerosas árbores no proceso. Neste punto existe, ademais, o risco de que a auga rompa o cordón dunar e acade a coñecida como «cova do Forte», unha zona onde o nivel do terreo é máis baixo ca o do río, provocando o seu asolagamento e



a consecuente perda da barreira de dunas e de zona boscosa do Feno.

As consecuencias da acción das correntes fluviais e a acción do mar durante os últimos días tamén se poden comprobar na zona do Codesal, onde un tramo de escolleira reparado por Costas en 2016 resultou derruído. Esta obra de contención foi realizada seguindo os criterios ditados por Medio Ambiente, facendo uso de sacos de area e sementes para que a vexetación -que nunca chegou a xerminar- protexera a costa. «Esta solución, que pode funcionar nas canles dos ríos, ten demostrado non ser útil no esteiro do Miño», considera o rexedor local, que apunta ao organismo autonómico como «responsable» da deterioración da zona.

### Encontro con Costas

A xefa do Servizo Provincial de Costas, Cristina Paz-Curbera, visitou o pasado 27 de febreiro a praia da Lamiña, a fin de comprobar o deterioro do areal. Nesta ocasión, Paz-Curbera comprometeuse a solicitar un informe técnico ao Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas (CEDEX) de forma inmediata, así como unha proposta de actuación no areal.

Na situación actual, o Concello da Guarda esixe a tramitación de emerxencia das obras de reparación e contención nas zonas da Lamiña e o Codesal, co obxectivo de evitar consecuencias maiores sobre o terreo e o aumento dos custes económicos que estes danos poidan ocasionar.

## Andaina pola ruta máxica de Oia o sábado día 17

Debido as malas previsións meteorolóxicas o Concello da Guarda e o Municipio de Caminha acordaron aprazar a andaina para o sábado 17 de marzo.

Esta ruta estará guiada pola Asociación Costa de Castros. A Ruta Máxica de Oia percorre uns 18km da Serra da Groba pasando polas parroquias costeiras deste concello.

A ruta sinalizada comezará no miradoiro da Pedreira onde se atopan petróglifos e

continuará coñecendo outros gravados rupestres ata chegar ao río Broi e ao espazo natural das Sobreiras do Faro, o bosque mediterráneo máis occidental. Despois ascenderase ata o Castro do Cano do Mouros e as Pozas de Mougas onde se realizará o xantar. Nesta última parte do percorrido descenderase ata o Castro de Cabeziña. A ruta rematará na estrada P0552 onde se atopa o Camping O Muíño.



## CONDADO / PARADANTA

## Mondariz instalará paneis informativos nas parroquias

O Concello de Mondariz instalará un total de 24 paneis informativos en todas as súas parroquias de cara a que a veciñanza teña acceso a información útil tanto co xerada polo Concello, como bandos ou comunicados municipais, como aquela outra que poida ser de interese da cidadanía, como cursos, actividades ou subvencións entre outras.

A instalación dos paneis supoñerá un investimento de 10.265,64 €, e se realizará con cargo ao Plan Concellos 2017 da Deputación de Pontevedra. Os paneis informativos, cunhas dimensións de 150 cm x 100 cm e taboleiro de contrachapado fenólico de 15 mm, instalaranse sobre piares de madeira, de cara a minimizar o impacto visual sobre o entorno en que estarán situados.

A necesidade de instalación destes paneis ven dada por dous motivos, por unha banda,

tal e como explica o alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes Bugarín, “a dispersión da poboación fai preciso facilitar á veciñanza o acceso á información” e por outra, o feito de que o concello “conta con moita poboación de idade avanzada que non dispón de medios ou ten dificultades para acceder ás novas tecnoloxías da información”.

Doutra banda, apunta o rexedor local, conséguese unha mellora substancial da imaxe da paisaxe rural, xa que contar con este tipo de paneis “evita que carteis e follas informativas acaben pegadas en postes, muros e incluso árbores”.

Os 24 paneis serán colocados en puntos onde habitualmente reúne a veciñanza dos barrios ou tamén en zonas de cruces de camiños ou puntos singulares de cada zona, de xeito que sexa facilmente accesible a todos os veciños e veciñas.

## Ponteareas homenaxea ás súas mulleres



O concello de Ponteareas homenaxeou ás mulleres nun acto enmarcado dentro das iniciativas programadas polo Día da Muller. En colaboración cos colectivos e asociacións veciñais que propuxeron ás homenaxeadas, o goberno de Ponteareas agradeceu no auditorio municipal o traballo e o exemplo de esforzo destas dez mulleres.

Por terceiro ano consecutivo a concellería de Benestar So-

cial, Igualdade e Mocidade, que dirixe a nacionalista Verónica Carrera, quixo destacar o relevante papel da muller na sociedade. Pluriempregadas e polifacéticas as mulleres supoñen, na maioría dos casos, o eixo central das familias á vez que contribúen á economía familiar con traballos remunerados ou sen remunerar como as tarefas no campo ou no mar.

Onte o goberno de Ponteareas homenaxeou a Cristina

Corbacho, ás Mulleres Xitanas da Feira, a Lucía Cantalapiedra, ao Círculo Feminista, Inocencia Lago (Pitucha), a Josefa Estévez, Rosina Carrera, Olga Araujo, ás Mulleres do Estraperlo en Xinzo e a Sara Soto.

A concelleira de Benestar Social agradece á veciñanza o apoio e masiva participación das cidadás non só de Ponteareas, se non tamén da contorna, á concentración do pasado xoves día 8 de marzo na Praza de Bugallal.

**Óptica mahen**  
mahen audióprótesis  
Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4



## Trillo Sabores da Lamprea

O domingo 18 de marzo ten lugar o Trilho Sabores da Lamprea, ruta de ámbito paisaxístico – cultural que abre o calendario de andainas da Eurocidade Tui-Valença de 2018.

Sairá ás 10 hora española da igrexa de São Pedro da Torre. Consta dun percorrido de 7 quilómetros de dificul-

tade básica e unha duración aproximada de 2 horas e 30 minutos.

O prezo para poder participar é de 5€ por persoa. Débese facer unha transferencia ou ingreso, facendo constar nome e apelidos, na seguinte conta do Banco Popular: IBAN ES51 0238 8307 70 0600236806.

## Cineteatro recibe Palestra Gratuita 'Entender o Autismo'

A Santa Casa da Misericórdia de Vila Nova de Cerveira, em parceria com a Câmara Municipal e a Associação Vencer Autismo, organiza a 21 de março, pelas 18h00, a palestra “Entender o Autismo” no Cineteatro de Cerveira. Trata-se de uma ação de sensibilização de caráter informativa e interativa, que decorre pela primeira vez no distrito de Viana do Castelo. A participação é gratuita, mas as inscrições são obrigatórias, podendo ser efetuadas em [www.vencer-autismo.org/evento/vilanova](http://www.vencer-autismo.org/evento/vilanova)

decerveira. O certificado de participação tem um custo de 5 euros, sendo solicitado no dia da palestra.

Dirigida a profissionais de saúde, professores, auxiliares de educação, pais e familiares de crianças com perturbação do espectro do autismo, bem como público em geral, a palestra é conduzida pelos fundadores da Associação Vencer Autismo, Susana Silva e Joe Santos, que vão abordar temas sobre o autismo em geral, procurando sensibilizar para a mudança do estigma negativo.

## A Eurocidade Tui-Valença busca ser unha Smart City

A Eurocidade Tui-Valença estudará a possibilidade de subvencions para poder converter a Tui e a Valença nunha Smart City logo da presenza de técnicos das dúas cidades a pasada semana en Barcelona no World Congress Mobile.

Para o Concello de Tui asumir en solitario o investimento preciso para a modernización dos servizos que presta sería inviable economicamente polo seu tamaño polo que a aposta sería a asociación con municipios limítrofes, inclinándose por esa alianza con Valença dentro da Eurocidade.

O proceso de conversión en Smart City podería levarse a cabo de xeito gradual, adaptando en primeiro lugar as infraestruturas existentes para a implantación das TIC's. Unha transformación que podería comezar en servizos coma o do alumeadado público ou o da recollida do lixo. Esta transformación conlevaría unha mellora na eficacia destes servizos co conseguinte aforro económico.

Estacionamento sujeito a pagamento no período de  
**Segunda-feira a Sexta-Feira**  
**das 9h00 às 18h00.**

**ESTACIONAMENTO PAGO**  
**ENTRADA EM FUNCIONAMENTO**  
**20 DE MARÇO**

**Tarifário**

|                     |                      |                      |
|---------------------|----------------------|----------------------|
| 10 minutos = 0,10 € | 70 minutos = 0,70 €  | 130 minutos = 1,30 € |
| 20 minutos = 0,20 € | 80 minutos = 0,80 €  | 140 minutos = 1,40 € |
| 30 minutos = 0,30 € | 90 minutos = 0,90 €  | 150 minutos = 1,50 € |
| 40 minutos = 0,40 € | 100 minutos = 1,00 € | 160 minutos = 1,60 € |
| 50 minutos = 0,50 € | 110 minutos = 1,10 € | 170 minutos = 1,70 € |
| 60 minutos = 0,60 € | 120 minutos = 1,20 € | 180 minutos = 1,80 € |

A duração máxima de estacionamento é de 3 (três) horas.

Este aparelho não dá trocos, o valor inserido é sempre convertido em tempo de estacionamento.



## A Mostra de Cultivos pechou as súas portas co dobre de visitas de profesionais do sector

**A**demais do aumento de volume de negocio, o evento contou tamén cunha grande afluencia de público xeral. O punto de venda solidaria do centro de educación especial San Xerome, todo un éxito

Tomiño, 5 de marzo de 2018.- Grande éxito da décimo quinta edición da Mostra de Cultivos do Baixo Miño. O evento pechou este domingo as súas portas despois de tres días de expositores, novidades, obradoiros, mesas técnicas, exposicións e actividades cunha grande afluencia de público. Tratábase dunha edición na que a Asociación de Cultivos do Baixo Miño (acuBam), organizadora do evento xunto

co Concello de Tomiño, apostaba de cheo pola profesionalización do sector, creando por primeira vez un espazo que xiraba arredor do emprego no agro, cun taller de empregabilidade e cunha mesa técnica centrada no modelo de negocio no agro no que se abordaron distintas perspectivas do sector e diversas fórmulas de éxito tamén a través do testemuño de empresas da comarca.

Ademais, por primeira vez a Mostra de Cultivos abría as súas portas un día antes para abrir o abano do público profesional, unha decisión que resultou “moi favorable, xa que duplicamos as visitas recibidas de profesionais do sector e xeramos dúas xornadas de negocio, au-

mentando así o volume de intercambios comerciais”, salientou a presidenta de acuBam, Patricia Rodríguez.

A este incremento súmase a ampliación da fronteira xeográfica dos visitantes, xa que houbo moitos procedentes de todos os puntos de Galicia e de Portugal. “Estamos moi satisfeitos, aínda que non conformes, xa que sabemos que temos que seguir traballando e debemos de facelo con tempo para conseguir mellores resultados”, asegurou Rodríguez.

### Venta con fondo social

A organización amósame moi contenta non soamente coa afluencia do público profesional, senón tamén do público xeral, un éxito avalado pola gran xornada de vendas realizadas polo centro de educación especial San Xerome. Por primeira vez, a Mostra daba resposta a unha demanda reiterada por parte dos visitantes, que buscaban poder comprar produtos durante o evento.

E o facía ao tempo que reforzaba a súa responsabilidade social coa contorna, firmando un convenio de colaboración con este centro educativo de A Guarda, que durante todo o domingo contou cun punto de



venta de produtos doados polo resto de expositores, arredor de 30, para recadar fondos para a reforma dunha bañeira terapéutica. “Tratábase non só de comprar, senón de facelo cun marcado fondo social”, explica Rodríguez, quen asegura que “foi unha experiencia que funcionou moi ben, polo que a repetiremos en vindeiras edicións”.

### Premios Xardín Galego

Entre as novidades presentadas este ano na Mostra estivo a presentación e posta en marcha dos I Premios Xardín Galego, cos que acuBam e a Asociación Galega de Empresas de Xardinería (Agaexar) buscan recoñecer e difundir actuacións exemplares na execución de traballos de xardinería pública e privada realizados en Galicia por empresa e autónomos. Dende esta mesma fin de semana e ata o 31 de xaneiro de 2019 os interesados poderán presentar os seus traballos,

nos que o xurado valorará a prioridade de uso de material vexetal fronte a materiais inertes, a preferencia de material vexetal producido en Galicia e os criterios de sustentabilidade aplicado á obra, así como o deseño, a creatividade, a orixinalidade ou a composición vexetal, combinación de especies, textura e cor.

As e os interesados en participar deberán enviar un correo electrónico a [info@agaexar.gal](mailto:info@agaexar.gal) coa ficha de inscrición cos datos do candidato, a declaración escrita que garanta a autoría da obra presentada, fotografías xerais e de detalle co antes e o despois da intervención e unha memoria descriptiva do proxecto realizado. O gañador coñecerase durante a celebración da próxima edición da Mostra, en 2019, na que tamén se montará unha exposición coas fotografías dos proxectos participantes.



**ALFESO**  
**Asesoría de Empresa**

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES  
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03